



BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO “VIA NOVA II”

ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE BANDE

As persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego deberán cumprir os requisitos mínimos previstos nos artigos 2 e 11 da Orde do 31 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.

Primeira.- Condicións para poder participar como alumno/a:

-Ter dezaoito ou máis anos de idade.

-Estar desempleado/a, enténdese nesta situación as persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.

-Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e o aprendizaxe, co obxecto de ter unha vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 da orde.

-Cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados.

Segunda.- Sistema de admisión de candidatos: oferta de emprego tramitada á oficina de emprego.

O sistema de reclutamento e admisión de candidatos/as será o de oferta de emprego xenérica xestionada pola oficina de emprego de Ourense.

Tanto estas bases como as listaxes cos resultados do proceso de selección serán expostas nos taboleiros da oficina de emprego de xestión da oferta, nos da Entidade Promotora así como na sede electrónica do Concello de Bande.

Terceira.- A selección farase mediante a aplicación do seguinte baremo:

1.- MULLERES:





- **As beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero teñen prioridade absoluta.**

- En xeral1 Punto

2.- IDADE

- 18-29 ANOS.....4 Puntos
- 30-44 ANOS.....1 Punto
- 45 ou mais ANOS.....3 Puntos

3.- DISCAPACIDADE

- Minusvalía > 33 %.....1 Punto

4.- PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

- Perceptores de desemprego.....1 Punto
- Perceptores de subsidios (RAI, PREPARA, ACTIVA, subsidio extraordinario, RISGA)2 Puntos
- Non perceptores4 Puntos

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Ata 12 meses 1 Punto
- Máis de 12 meses.....2 Puntos
- Máis de 18 meses.....4 Puntos

6.- CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR, SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Autónomos0 Puntos
- Grupos de cotización 1 a 7 0 Puntos
- Grupo de cotización 81 Punto
- Grupo de cotización 9.....2 Puntos
- Grupo de cotización 10.....3 Puntos
- Sen emprego anterior.....4 Puntos

7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración da Consellería de Política Social. A puntuación dos dous apartados non é acumulable)





Concello de Bande
2021

- Perceptores da RISGA e aqueles aos que lles fose denegada unha solicitude, ben por falta do período esixido de residencia ou empadramento, ou ben por esgotar o período máximo de percepción legalmente establecido 5 puntos
- Drogodependentes rehabilitados acreditados, ex-reclusos, persoas que abandonaron o exercicio da prostitución, traballadores inmigrantes residentes da comunidade, emigrantes retornados con graves necesidades familiares ou persoais, mulleres procedentes de casas de acollida con problemas de inserción laboral, persoas que estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración Autonómica, e persoas que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social 1 Punto

8.- FORMACIÓN ACADÉMICA

- Ata graduado escolar ou ESO..... 3 Puntos
- Bachalerato/BUP/FP ciclo medio 2 Puntos
- Títulos universitarios e de FP de ciclo superior..... 1 Punto

9.- RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA
(Acreditado mediante certificado de convivencia).

- Unidade familiar de 4 ou mais membros..... 1 Punto
- Familia monoparental con fillo/s..... 1 Punto

10.- OUTROS

- Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI)..... 2 Puntos

11.- ENTREVISTA PERSOAL:..... 8 puntos

Ocuparán o último lugar na prelación as persoas candidatas que tiveran participado nalgún obradoiro de emprego nas dúas últimas convocatorias. En todo caso, os candidato/as non poderán cursar unha especialidade formativa que xa teñan superada.

As persoas candidatas cumprimentarán un cuestionario de datos relativos a súa situación profesional, laboral e de empregabilidade, que terá o valor de declaración responsable con presunción de veracidade. De comprobarse o falseamento dos datos poderase determinar a súa exclusión do proceso de selección.

Os posibles empates que resulten da aplicación do baremo resolveranse aplicando os seguintes criterios:





- Non tiveran participado en escolas obradoiro ou obradoiros de emprego ou tiveran participado un menor número de veces.
- Non teñan experiencia laboral ou a que teñen sexa menor
- Non teñan cualificación ou a súa cualificación sexa de menor nivel.
- Parado/as de longa duración
- Colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión social.

Terceira.- Composición e funcións do tribunal de selección.

Para a aplicación, selección e interpretación das presentes bases para a selección do alumno-traballador do Obradoiro de Emprego “Vía Nova II”, constituiranse os correspondentes tribunais cualificadores, cuxos membros e suplentes serán nomeados mediante Resolución de Alcaldía e publicados xunto coas listas dos aspirantes.

O Tribunal Cualificador de cada posto de traballo está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do/a secretario/a, titular ou suplente.

O réxime xurídico aplicable aos Tribunais de selección será o que se establece para os órganos colexiados na Lei 40/ 2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos ao órgano que efectuase o seu nomeamento, cando concorran neles algunhas das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/ 2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A este tribunal cualificador, que poderá estar asistido por persoal técnico, corresponderalle realizar tódalas actuacións encamiñadas a selección das persoas aspirantes a ser propostos para cubrir a praza obxecto da convocatoria así como aquelas outras funcións que, de conformidade coa normativa aplicable, teñan atribuídas.

Cuarta.- Publicidade da oferta de emprego.

Tanto estas bases como as listaxes cos resultados do proceso de selección serán expostas nos taboleiros de anuncios e na sede electrónica do Concello de Bande.

Quinta.- Puntuacións finais. Contratación.

Finalizado e cualificado o proceso de selección, o tribunal cualificador procederá ao establecemento das puntuacións finais dos candidatos que teñan participado no proceso de selección.

Serán propostos para participar no Obradoiro aquelas persoas que acaden maior puntuación como resultado do proceso de selección ata o número de prazas convocadas. As restantes formarán a listaxe de reservas, que estará vixente ata a data de inicio do proxecto.

A entidade promotora estará obrigada a contratar á persoa que sexa proposta polo tribunal cualificador atendendo á maior puntuación final e tendo en consideración o previsto no parágrafo seguinte.





A persoa proposta deberá estar dispoñible para ser contratado na data de inicio do obradoiro que propoña a Entidade Promotora. De non ser o caso, e logo da oportuna comunicación, procederase á contratación da seguinte persoa da listaxe con maior puntuación.

As persoas seleccionadas como alumnado- traballador serán contratadas, pola entidade promotora, desde a súa incorporación ao proxecto, a través da modalidade de contrato de traballo para a formación e aprendizaxe.

Os chamamentos para proceder as contratacións realizaranse cun mínimo de dúas chamadas telefónicas, por empregados do concello, durante unha mesma xornada laboral (entendida dende as 9:00 as 14:00 horas), a distintas horas e cun intervalo mínimo dunha hora entre elas, estando presentes dous empregados no momento de realizar a chamada. No caso de non terse producido resposta a ditas chamadas, remitirase un correo electrónico final (dentro da mesma xornada). Quedará constancia por escrito no expediente deste acto mediante dilixencia asinada polos empregados públicos encargados do chamamento.

Co obxecto da súa xustificación e acreditación administrativa, os empregados municipais que se encarguen dos chamamentos farán constar, mediante dilixencia emitida para o efecto (e que constará no expediente correspondente), os trámites efectivamente realizados, indicando os chamamentos realizados, as datas e horas nos que se realizaron as chamadas así como o envío de correos electrónicos; se as persoas aspirantes chamadas responderon e, no seu caso se aceptaron en prazo, as respostas recibidas e a documentación xustificativa achegada polas persoas chamadas, sen prexuízo daquelas circunstancias que, de ser o caso, se estime oportuno reflectir.

- Se se obtén comunicación directa coa persoa candidata, esta deberá responder dentro do día hábil seguinte, se acepta ou renuncia ao posto ofertado. Se recibe a comunicación por correo electrónico tamén deberá poñerse en contacto co Servizo de Recursos Humanos no día hábil seguinte ao chamamento, contado dende o momento que se lle enviou o dito correo electrónico. Se a persoa seleccionada renuncia ao posto ofertado, deberá facelo por escrito.

- Se non se obtén resposta do candidato dentro do día hábil seguinte, entenderase que renuncia ao posto.

No suposto de aceptación da oferta, a Alcaldía resolverá a incorporación, na modalidade de contrato temporal que proceda.

Establecerase o período de proba para o candidato seleccionado que figure na normativa vixente para o persoal laboral, que en todo caso será dun mínimo de 15 días.

Aos candidatos contratados requiriráselles para que presenten no día hábil seguinte ao chamamento unha declaración responsable de aceptación do posto na que manifeste:

- Aceptación expresa do posto.
- Que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos e acreditados no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a creación da bolsa de traballo.

O falseamento de calquera dos seus apartados implica a nulidade da eventual contratación e as medidas disciplinarias que poidan aplicarse.

Serán obxecto de exposición pública nos taboleiros anteditos as puntuación finais e o nome do candidato proposto para ser contratado pola entidade promotora.

O tribunal cualificador poderá determinar unha lista de reserva integrada polos candidatos que, tendo superadas tódalas fase de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria. Esta lista, que se empregará para





cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciado o proxecto, terá validez durante toda a duración do obradoiro.

De conformidade co artigo 14 da Orde de convocatoria, as incidencias e reclamacións serán resoltas pola entidade promotora. As súas resolucións poñen fin a vía administrativa, tendo tal carácter as listaxes definitivas.

Bande, na data sinalada á marxe.
A alcaldesa
Asdo.: Sandra Quintas Vázquez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

